




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria
"Ponte dos Brozos"

Avda. Arsenio Iglesias, 34 (Sabón)
15142 Arteixo (A Coruña)
☎ 881 960 506
ceip.ponte.brozos@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontebrozos/>



CIRCULAR INFORMATIVA Nº 6

REALIZACIÓN DE SIMULACRO PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DE ARTEIXO QUÍMICA

Estimadas familias,

A empresa **ARTEIXO QUÍMICA**, situada no Polígono de Sabón, está afectada pola normativa de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas (RD 840/2015, do 21 de setembro).

Segundo dita normativa, os órganos competentes das Comunidades Autónomas elaborarán, coa colaboración dos industriais, un plan de emerxencia exterior (PEE) para prever e, no seu caso, mitigar, as consecuencias dos posibles accidentes previamente analizados, clasificados e avaliados, que estableza as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, en colaboración coa empresa, o Concello de Arteixo e as diferentes administracións, elaborou dito plan e está a traballar nas accións de implantación efectiva das medidas de prevención e protección contempladas en dito PEE.

As instalacións do noso Centro, debido á proximidade á planta de Arteixo Química podería estar afectado por posibles consecuencias dalgúns dos escenarios accidentais analizados dun hipotético accidente que se producise no interior das instalacións de dita planta.

Por este motivo, mañán **martes, día 18 de decembro ao longo da mañán (SOBRE ÁS 12:20 HORAS)**, haberá un simulacro de accidente que activará o plan e mobilizará aos diferentes grupos de emerxencia contemplados. Soarán as sireas de aviso que indicarán a activación do plan debido a un accidente e a adopción de medidas de autoprotección que consistirán fundamentalmente no CONFINAMENTO no interior das instalacións do centro. Dito confinamento durará 1 hora.

Por este motivo, pedimos que ningún neno/a sexa recollido nin traído ao centro entre as 12:15 e as 13:30, para evitar as posibles molestias que lles poidera ocasionar, posto que se están no recinto escolar ao comenzo do simulacro, non poderán abandoalo ata o remate do mesmo.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciban un cordial saúdo,

A Dirección

Arteixo, 17 de decembro de 2018.